

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BARREIROS, con dirección RUA VILA, 63 SAN COSME DE BARREIROS, 27790 - BARREIROS (LUGO); administracion@concellodebarreiros.com.

**1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO:** Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado **PRAZO DE CONSERVACIÓN:** os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo

**2.- LEXITIMACIÓN:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

**3.-DESTINATARIOS DE CESIÓN:** CONCELLO DE BARREIROS non cederá os seus datos de carácter persoal, salvo por obriga legal. Contratamos a nosa infraestrutura virtual segundo un modelo de "computación na nube" a través de CUBENODE SISTEM, SL e ao amparo do acordo EU-US Privacy Shield.

**4.- DEREITOS:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. CONCELLO DE BARREIROS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Barreiros, 27 de xuño de 2019.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1905

**BEGONTE***Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

Por Resolución desta Alcaldía de data 21 de xuño de 2019, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso - oposición - de 1 Xefe de Brigada, 3 Peóns de Brigada e 1 Peón-Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano.

As devanditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello ([www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es)) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, a 21 de xuño de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1807

**A FONSAGRADA***Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRES PEÓNS, UN PEÓN-CONDUTOR, UN XEFE DE BRIGADA E DOUS CONDUTORES DE MOTOBOMBA**

Por Decreto de Alcaldía de data 27 de xuño de 2019 aprobáronse as bases para a contratación temporal de tres peóns, un peón condutor, un xefe de brigada e dous condutores de motobomba, en virtude do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019.

**Tipo de contrato:** Contrato laboral temporal

**Duración:** 3 meses

**Sistema selectivo:** Concurso - oposición

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org)).